

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES CONXUNTAS NO CENTRO DE EMPRENDEMENTO DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia, situada en Santiago de Compostela (A Coruña), Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, consonte aos poderes outorgados polo Padroado da mesma en data de 16 de decembro de 2016, elevados a público en data de 19 de decembro de 2016, e do artigo 31 dos Estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Doutra, a **FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS (en diante FEGAXE)** con CIF G-15581259 e domicilio fiscal en Rosalía de Castro, 1, 15706 Santiago de Compostela.

Está representada neste acto por D. Luciano Covelo Fandiño, na súa condición de Presidente, con facultades para o outorgamento do presente documento en virtude dos artigos 18 e 20 dos vixentes Estatutos de FEGAXE.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 2000/1.



Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Segundo- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia" (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viales e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *"a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural"*.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a FUNDACION leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do Emprendemento cultural en toda a súa extensión e en todas as súas disciplinas, incluído a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial e tecnolóxico.

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do Emprendemento en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento que redunden nas empresas emprendedoras que actualmente se ubican no Centro de Emprendemento (CEM), con especial énfase en proxectos que favorezan o crecemento económico e a creación de emprego, actuando como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido.

Igualmente, segundo o previsto no artigo 7 dos Estatutos, a Fundación leva a cabo todo tipo de actuacións na procura da interrelación con axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas (con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada), así como todas aquelas axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión e de formación no



ámbito da innovación na xestión cultural, para contribuír á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia se concibe como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega; crea oportunidades e dinamiza o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección cultural no seu sentido amplo, innovador e internacional. Este tipo de actividade da Fundación deriva do *II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia*, aprobado polo Consello da Xunta.

Neste sentido, no seu plan de actividades, se indica como pilar estratéxico da actividades do Gaiás, o "*Fomento da colaboración con proxectos comúns con entidades presentes na Cidade da Cultura: Aproveitar a oportunidade única que se dá no Gaiás, coa presenza de entidades e institucións vinculadas á promoción das Industrias Culturais, ao emprendemento creativo, ao desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, á investigación e a educación para elaborar proxectos conxuntos, a través da hibridación de estratexias e eixes de actuación comúns. Unha fortaleza única na Cidade da Cultura, que non se dá noutros centros de referencia e ten a potencialidade para converterse en elemento de identidade diferencial.*"

O II Plan Estratéxico fixa como liña de acción para o período 2022-2027, a seguinte:

Acción 1.7.3 Programación regular de emprendemento

Relación co marco estratéxico	OE 3. Impulsar os procesos de investigación, innovación e formación no sistema cultural galego. OO 3.2 Impulsar iniciativas innovadoras de apoio ao talento, aos emprendedores e aos creadores.
Xustificación da necesidade	A Cidade da Cultura foi pioneira na promoción do emprendemento cultural e creativo en Galicia, sendo quen de aglutinar e colaborar con entidades relevantes neste eido de Galicia e España. Cómpre manter este posicionamento e continuar co apoio a novos proxectos emprendedores.
Obxectivos	- Continuar co posicionamento da Cidade da Cultura como unha entidade relevante no eido do emprendemento cultural e creativo, engadindo novas accións neste eido e no da innovación social e o seu vínculo cos ODS, a través de programas propios ou colaboracións con entidades (Ashoka...). - Colaborar con entidades do eido da promoción económica e emprendemento. - Mellorar a taxa de supervivencia das novas empresas culturais e creativas galegas.



Descrición da acción	Encontros profesionais, xornadas informativas e de mentorización e soporte, a desenvolver en colaboración con entidades con competencias neste eido. Nesta nova etapa, procurarase centrar a actividade en proxectos e novas empresas culturais e creativas, prestando servizos de valor máis aló de ser unha solución espacial.
Tarefas	- Programas actividades en colaboración cos socios estratéxicos. - Executar un paquete de medidas coordinado de apoio ao emprendemento no eido cultural e creativo

A Fundación pertence ao sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, e como tal está incluída no ámbito de aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público, de acordo co previsto no artigo 45 desta lei.

En virtude do anterior, a Fundación leva a cabo actuacións encamiñadas a favorecer o consumo de produtos culturais, mediante o mantemento e impulso da actividade, incentivar o mantemento da industria cultural galega e do emprego e impulsar medidas de fomento da creatividade e da produción cultural.

Todas estas medidas, se enclavan nos seguintes eixes de actuación no ámbito cultural;

1. Activación da industria cultural galega
2. Mantemento do emprego cultural
3. Fomento do consumo cultural
4. Formación, profesionalización e mellora da competitividade

Terceiro- Que **FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS** (en diante, **FEGAXE**) persegue como fins fundamentais a defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lle son propios, sendo os medios de acción a empregar, o diálogo social e a participación institucional nos organismos públicos das administracións laborais. Son os seus obxectivos;

1. Representar aos novos empresarios e empresarias defendendo os seus intereses en todos os foros posibles.
2. Servir de canle de comunicación entre empresas co fin de crear redes de mercado propias.
3. Apoiar as iniciativas e vocacións empresariais entre os mozos.
4. Proporcionar uns servizos aos asociados: formación, asesoramento, información, instalacións.

FEGAXE respalda as iniciativas que promocionen a cultura emprendedora, prestando asesoramento e apoio integral a todas aquelas persoas que desexen poñer en marcha unha iniciativa empresarial.



A entidade ten ampla implantación xeográfica no territorio galego por ser unha federación de Asociacións de Empresarios (AJE A Coruña, AJE Ferrolterra, AJE Pontevedra, AJE Vigo, AJE Lugo e AJE Ourense) con ámbito de actuación nas catro provincias galegas con medios axeitados.

Igualmente ten carácter multisectorial. Todas as iniciativas son susceptibles de ser apoiadas sen ter en conta o sector onde se desenvolve a actividade, que está relacionado con espírito de universalidade de servizo da Unidade Galicia Emprende.

FEGAXE centra o seu apoio nas novas empresas e novos emprendedores galegos, pero con especial atención ás necesidades específicas das iniciativas novas, pequenas, e innovadoras, que non están suficientemente significadas noutras organizacións, e que son os principais destinatarios dos servizos da Unidade Galicia Emprende. Para elo, dispón de equipos directivos e persoal técnico con preparación especializada e experiencia no ámbito da actividade emprendedora.

FEGAXE é unha entidade que ten amosado a súa solvencia e eficacia na organización e implementación de numerosas e diversas actuacións, que no eido da actividade emprendedora, foron desenvolvidas nos últimos anos.

Cuarto.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e FEGAXE están interesados na colaboración mutua na promoción de actividades conxuntas que complementen as actuacións levadas a cabo pola Fundación no CEM (Centro de Emprendemento) para a promoción da cultura emprendedora e á contribución ao crecemento económico e creación de emprego, polo que as partes acordan a sinatura do presente acordo, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Polo presente acordo, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e FEGAXE acordan establecer as bases de colaboración entre ambas institucións, para a programación de actividades conxuntas, formativas e de asesoramento que redunden nas empresas emprendedoras que actualmente se ubican no Centro de Emprendemento (CEM) dentro dos espazos Emprende Cultura Gaiás (espazo coworking) e Viveiro Gaiás, así como nos afiliados de FEGAXE, mediante a habilitación de espazos na Cidade da Cultura de Galicia para a realización de ditas actividades.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FEGAXE GALICIA

A FEGAXE GALICIA correspóndelle:



1. Promoción entre os seus asociados, durante a vixencia do convenio, das actividades que se programen no CEM en fomento do Emprendemento na nosa comunidade.

- Organizar no Centro de Emprendemento, xornadas de networking e formación para os seus afiliados e nas que tamén participarán e das que se beneficiarán os empresarios/empresas instaladas nos espazos "Emprendende Cultura Gaiás" (coworking) e o "Viveiro Gaiás". Mapa de Axudas, unha xornada realizada conxuntamente coa Xunta de Galicia e o IGAPE para dar a coñecer as axudas dispoñibles do ano para persoas autónomas e pemes.
- Smart-Up Galicia, un evento no que alumnado de ESO, Bacharelato, FP e universidades presenta os seus proxectos emprendedores. O encontro contará cun xurado, gala de premios, charlas de mozos/as empresarios/as galegos/as e stands de diferentes empresas de Galicia.

2. Realización de outras actividades durante a vixencia do convenio, de tipo formativo así como para a ampliación de rede de contactos. FEGAXE se compromete a:

- Deseño, planificación, organización e xestión dos eventos/xornadas.
- Campaña de difusión, promoción e posicionamento.
- Coordinar esta promoción co Departamento de Comunicación e Marketing da Fundación.
- Deseño da imaxe, newssletter.
- Deseño de contido, memorias e briefing dos eventos.
- Campaña de Promoción On line e en Redes Sociais (creación de Blog como plataforma inicial, dende a que realizar accións de Mercadotecnia mix cara a redes sociais-Facebook-Twitter-
- Elaboración dos soportes físicos (roller, flyers..) e dixitais, on e off line, da imaxe, contido, logotipos de patrocinadores e colaboradores.
- Secretaría técnica dos eventos/xornadas. Levando a xestión e inscricións.
- Funcións de RRPP antes, durante e despois das xornadas coa presenza do staff de FEGAXE GALICIA .

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

Á FUNDACIÓN correspóndelle:

- a) Colaborar na organización das xornadas de formación, networking e có Congreso que realice FEGAXE, conforme as seguintes directrices;
 - Dúas (2) cesións gratuítas dos espazos da Cidade da Cultura para a realización eventos.
 - Coordinación coa campaña de comunicación deseñada por FEGAXE GALICIA
 - Encargarse da idoneidade do espazo para os eventos.
 - Necesidades loxísticas para o correcto desenvolvemento dos eventos.



- Dará visto bo á campaña de branding, difusión e comunicación elaborada por FEGAXE.
 - Poderá propoñer relatores para os eventos formato ted en coordinación con FEGAXE.
 - Estar presente xunto a FEGAXE, en todas as accións públicas con motivo dos eventos
 - Estar presente xunto a FEGAXE, en todas as campañas de comunicación.
 - Estar presente xunto a FEGAXE, en todos os soportes on e off line.
 - Formar parte xunto a FEGAXE todas as decisións sobre a organización, xestión tanto do evento como da comunicación.
- b) A aplicar a tarifa reducida aos eventos, xornadas e outras actividades que FEGAXE organice en calquera das ubicacións da Cidade da Cultura de Galicia.
- c) A organización e a xestión en xeral do conxunto das edificacións, centros e infraestruturas de todo o complexo, en canto titular da Cidade da Cultura de Galicia e a coordinación das actividades comúns desenvolvidas polos centros ou entidades ubicadas nela.
- d) O mantemento das instalacións, agás no caso do equipamento propio de FEGAXE, a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos.
- e) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- f) A promoción, programación, xestión e explotación das actividades culturais a desenvolver en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia.
- g) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- h) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- i) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por outros centros, entidades ou persoas, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.

CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS.

FEGAXE e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.



- b) Visibilidade dos logotipos propios de cada institución nos materiais promocionais utilizados para a difusión das liñas de emprendemento que cada entidade realice e considere conveniente, previa confirmación por cada parte.
- c) Difusión, promoción e publicidade dos eventos/actividades propios de cada entidade, nas redes sociais xestionadas por ambas institucións, e calquera outra canle de difusión que se considere conveniente.
- d) Programación de actividades conxuntas que repercutan obxectivamente en proxectos emprendedores.
- e) Velar polo cumprimento dos deberes que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.

QUINTA.- RESPONSABILIDADES

A Fundación Cidade da Cultura no se fai responsable do material de traballo que FEGAXE poida manter nas instalacións.

En concreto, a Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro dos espazos que empregue FEGAXE na realización de actividades no Gaiás, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente convenio. A vixiancia e seguridade do mobiliario e equipamento da súa propiedade serán por conta de FEGAXE.

De igual forma, a Fundación quedará exonerada de calquera responsabilidade que puidese resultar do exceso de ocupación por persoas dos espazos a ceder, que de ningún modo poderá superar a normativa en vigor nin as condicións específicas do Centro de Emprendemento obxecto do presente convenio. FEGAXE será o único responsable de cantos danos, tanto físicos coma materiais, poidan ocasionarse aos ocupantes e terceiros, e sexan consecuencia, directa ou indirecta, das actividades exercidas por este ou os seus dependentes e dos servizos que preste, eximindo de toda responsabilidade á Fundación.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais dependentes de FEGAXE que vaian desenvolver as actividades previstas no acordo, ou terceiros que colaboren na realización do obxecto do convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do acordo.

SEXTA.- FINANCIAMENTO

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.



Serán por conta da FEGAXE ademais dos gastos de persoal dependente do FEGAXE, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia, tales como materiais dos eventos, das xornadas de formación ou networking, material de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas), os custos directos da actividade propia da FEGAXE.

O convenio non comporta un incremento de gasto para a Fundación, dado que os custos ordinarios, correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola FEGAXE) ou impostos que afecten ao inmovible), foron contemplados no orzamento da Fundación aprobado na Lei de Orzamentos de Galicia.

SETIMA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS.

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións que se cedan temporalmente á FEGAXE.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do edificio CEM, e FEGAXE será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Todo o material de FEGAXE deberá ser recollido dos espazos comúns. De non producirse este feito, todo material ou elemento que se atope situado en superficies comúns durante o prazo máximo dun (1) mes poderá ser retirado pola Fundación Cidade da Cultura previo requirimento. A Fundación Cidade da Cultura poderá destruír dito material ou darlle o destino que estime oportuno pasado dito prazo.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de seguimento, formada, cando menos, por un representante por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- Impulsar e avaliar o seu cumprimento, definido as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cun antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.



NOVENA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente acordo ten unha duración de un (1) ano dende a data de sinatura do presente documento, podendo ser prorrogado automaticamente por anualidades ata un máximo de 3 anos mais, sempre que dito acordo non sexa denunciado ou revocado por unha das partes de xeito expreso e formalizado por escrito, cun mes de antelación á finalización da anualidade correspondente. O prazo máximo de vixencia do convenio, incluídas as prórrogas automáticas, será de catro anos. Finalizado ese prazo non caben máis prórrogas do convenio.

O acordo conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

DECIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

A resolución por incumprimento de FEGAXE extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

UNDECIMA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo .

DUODÉCIMA.- RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entro os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Fundación, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir



responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPd). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados.

Ambas as partes comprométese a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a realización do obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPd, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;



Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

DÉCIMO CUARTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE

O presente Convenio de Colaboración está excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo dispón o artigo 6 desta normativa.

A natureza xurídica do convenio é netamente patrimonial. A normativa aplicable ao convenio é a do dereito privado con independencia de que deben terse en conta os principios recollidos Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, o é en canto aos principios de funcionamento. Igualmente será de aplicación a Lei 5/2011, de 30 de setembro so aos efectos dos principios sinalados na mesma.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas no seo da Comisión de Seguimento, serán resoltas pola xurisdición civil.

E para que así conste e para os efectos oportunos, ambas as partes subscriben o presente convenio, en sinal da súa conformidade con este, no lugar indicado no encabezamento e na data da última sinatura dixital.

**Pola Fundación Cidade da Cultura Por Federación Galega De Xoves
Empresarios**

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora xerente

Luciano Covelo Fandiño
Presidente

